



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Módulo VI. Intervención administrativa na edificación e usos do solo

CONVOCATORIA: Curso superior de técnico de urbanismo 2024-25.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Réxime xurídico e xestión das entidades locais

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	32
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2024
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo deste curso é que os alumnos poidan adquirir os coñecementos necesarios en relación á normativa que regula os procedementos e a contratación nas Administracións Públicas.

Este curso artículase en dous bloques:

BLOQUE 1: PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO

Neste primeiro bloque, analizaranse e estudarán as reformas do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común operadas polas leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O obxectivo é que os alumnos coñezan as principais novidades que achegan estas leis e a súa incidencia, entre outros, na organización e o funcionamento da Administración, o réxime xurídico dos convenios, a responsabilidade patrimonial das administracións públicas, os recursos administrativos, a tramitación electrónica dos procedementos e os dereitos das persoas nas súas relacións coa Administración.

BLOQUE 2: CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA NO SECTOR PÚBLICO

Ao longo deste bloque, analizaranse e estudarán as reformas da Contratación administrativa no sector público operada pola lei 9/2017, do 8 de novembro polo que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

A Lei de Contratos do Sector Público incorpora ao noso ordenamento xurídico a lexislación comunitaria adoptada nos últimos anos no proceso de revisión e modernización das vixentes normas sobre contratación pública, que permitan incrementar a eficiencia do gasto público e facilitar, en particular, a participación das pequenas e medianas empresas (PEMES) na contratación pública, así como permitir que os poderes públicos empreguen a contratación en apoio de obxectivos sociais comúns.

O obxectivo é que os alumnos coñezan os aspectos fundamentais desta regulación e a súa incidencia na contratación pública, especialmente no referente aos procesos de contratación vinculados ao urbanismo e a edificación e usos do chan. Ademais, estudaranse os procesos de xestión e control para a adxudicación de axudas públicas e subvencións, tanto no ámbito municipal como desde a Administración autonómica.

DESTINATARIOS

O curso está dirixido a profesionais que se encadren nalgunha das situacións seguintes:

1. Persoal funcionario dos subgrupos A1 e A2 e persoal laboral dos grupos I e II das administracións públicas galegas que realicen, un e outro persoal, funcións relacionadas co contido do curso.
2. Arquitecto/a Colexiado/a no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (en diante, COAG).
3. Profesionais que estean en posesión da titulación de doutoramento, licenciatura, diplomatura, grao, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica ou enxeñaría técnica, así como o persoal en posesión da dita titulación, contratado polas administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente.

PROGRAMA

12 decembro de 2024

10:00-12:00 Carlos Aymerich Cano

- As leis de procedemento administrativo común e de réxime xurídico do sector público. Ámbito de aplicación, principios xerais e entrada en vigor
- Principios e réxime dos órganos administrativos, en especial, os órganos Colexiados)
- A organización da Administración xeral do Estado, en especial, a reconfiguración do sector público institucional estatal
- Réxime dos convenios e relacións interadministrativas.

12:15-14:15 José Ángel Oreiro Romar

A responsabilidade patrimonial no urbanismo [I]

15:30-19:30 María José Valenzuela Rodríguez.

- A revisión de oficio e a revogación dos actos administrativos.
- Os recursos administrativos na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Recursos contencioso-administrativos. Recursos directos e indirectos.
- A iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria.

19 de decembro de 2024

10:00-12:00 Fernando Suárez Lorenzo

- A tramitación electrónica dos procedementos administrativos na nova Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Identificación e firma electrónica dos interesados. O rexistro electrónico de apoderamentos. As solicitudes electrónicas. Os documentos electrónicos e as súas copias. O expediente electrónico.
- A resolución administrativa: motivación e notificación. Especial referencia ás notificacións electrónicas.

12:15-14:15 José Ángel Oreiro Romar

A responsabilidade patrimonial no urbanismo [II]

15:30-19:30 María José Valenzuela Rodríguez | José Ángel Oreiro

Caso práctico sobre os contidos do bloque 1

9 de xaneiro de 2025

10:00-19:30 Juan Antonio Chinchilla Peinado

- Obxecto e ámbito de aplicación da Lei de Contratos do sector público. Contratos excluídos. Principios de contratación. Capacidade e clasificación dos operadores económicos.
- A Lei de Contratos do Sector Público e o urbanismo.
- Preparación e adxudicación de contratos.
- Execución e extinción dos contratos.

16 de xaneiro de 2025

10:00-14:15 Elena Barba Pan

- Exemplos prácticos de contratación de proxecto e obra. Incidencias durante a obra.
- Nodo de contratación electrónica da Xunta de Galicia

15:30-19:30 Evelio Sánchez Juncal

Aplicación da intelixencia artificial á elaboración de pregos.

CRITERIOS DE SELECCIÓN
Data e hora de presentación de solicitudes ata completar o número de prazas.
DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS
Inscrición: As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición cubrindo o formulario que para ese efecto figurará na páxina web do COAG (https://portal.coag.es), na sección do curso, e acreditar a documentación requirida en cada caso. A información relativa ao procedemento e importes de matrícula estará dispoñible na páxina web do COAG (https://portal.coag.es), na sección do curso.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO		
LOCALIDADE:	Santiago de Compostela	INICIO / FIN: 12/12/2024 a 16/01/2025
NUM. PRAZAS:	40	ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)
DATA EXAME:		
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		
LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME		
EGAP, Santiago de Compostela		